



Proposicións non de lei aprobadas polo Pleno do Parlamento de Galicia

24 de febreiro de 2010

- 4.1 08/PNP-0051 (01504), do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol, sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego respecto das reivindicacións do sector da pesca en relación coa insuficiencia de titulados náutico-pesqueiros para completar as tripulacións mínimas dos buques necesarias para saír a faenar e da homologación das súas atribucións.

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a que apoie expresamente diante das institucións competentes as reivindicacións do sector pesqueiro realizando todas as xestións que procedan co fin de lograr:

1.- Que se realice un informe no que se proceda á avaliación do actual sistema de formación de mandos para buques de pesca coa finalidade de lograr unha maior adaptación á realidade presente.

2.- Que se proceda á revisión da normativa vixente sobre asignación de tripulacións mínimas, á que fai referencia a Orde Ministerial de 1964, de tal xeito que reflicta a actual situación tecnolóxica da flota e se adecúe co actual sistema de formación profesional dos tripulantes.

3.- Que se senten as bases para harmonizar as esixencias legais dos cadros mínimos de tripulación a nivel comunitario, de tal xeito que a diversidade na atribución de competencias entre

os distintos postos do escalafón, nos diversos países membros da Unión Europea, non constitúan unha competencia desleal da que sajan prexudicados os barcos españois.

4.- Que se realice un estudo sobre a posibilidade de establecer un marco legal común nas atribucións dos titulados náutico pesqueiros para todos os países de Europa e, ao mesmo tempo, homologable dentro da organización Marítima Internacional.”

- **4.2 08/PNP-0073 (02086), do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Acuña do Campo e tres deputados máis, sobre as actuacións para levar a cabo co fin de paliar os efectos da crise económica nas empresas galegas do sector da lousa.**

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia:

1. A continuar coas liñas de axuda de financiamento de capital circulante, así como o acceso ao financiamento adicional para as empresas relacionadas coa lousa que demostren que son viables e con futuro.
2. Ao lanzamento dunha campaña de promoción nos mercados internos, recalcando os beneficios da lousa ante os produtos alternativos de menor custe e peor calidade.
3. Ao fomento da diversificación do uso da lousa.
4. A establecer as medidas necesarias en busca de novos mercados para a lousa, así como da súa promoción e potenciación nos países que compran habitualmente e con especial implicación no Reino Unido”.

- **4.5 08/PNP-0343 (20049), do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Emma Álvarez Chao e seis deputados máis, sobre as actuacións para levar a cabo en relación coa operatividade da figura da Unidade de Xestión Forestal e a creación dunha nova figura de agrupación ou asociación de propietarios forestais co fin**

de constituír explotacións economicamente viables e sostibles.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Analizar a operatividade administrativa, xurídica e técnica da figura da Unidade de Xestión Forestal co fin de detectar as eivas deste modelo de ordenación do monte.

2.- Adecuar, en caso necesario, a normativa de aplicación, de xeito que poida ser corrixida, permitindo dotar de eficacia a esta figura, de acordo cos obxectivos establecidos na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

3.- Crear no primeiro cuadrimestre de 2010 unha figura agrupativa de propietarios forestais co fin de constituír explotacións forestais economicamente viables e sostibles ambiental e socialmente.

4.- Facer un labor informativo para divulgar e fomentar a creación destas novas agrupacións entre os propietarios forestais ou asociacións de propietarios.

5.- A pesar de non haber ningunha UXFOR solicitada de acordo co establecido na súa normativa específica, a día de hoxe, facilitar a aquelas iniciativas comezadas a súa reorientación, en caso de que as correccións indicadas o fagan necesario.

6.- Priorizar as ordes de axuda existentes en materia de prevención de incendios forestais e de xestión forestal, de xeito que poidan beneficiarse as agrupacións e as asociacións forestais ou as UXFOR debidamente constituídas”.